

ORDENANZA FISCAL Nº. 1 : REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Artigo 1º .

De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º . Tipos.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,4%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza rústica, queda fixado no 0,65%.
3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,20%.

Artigo 3º . Exencións.

De conformidade co previsto no art. 63.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, gozarán de exención os inmobles rústicos e urbanos cunha cota líquida que non supere 3 euros.

Artigo 4º . Bonificacións.

Gozarán dunha bonificación do 50% as vivendas habituais dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, durante un período de 15 anos.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación dende o día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.